



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 113 · Venres, 21 maio 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Carballiño (O)

Exposición pública da aprobación inicial do Regulamento de honores e distincións.....	2
Aprobación definitiva do Regulamento orgánico municipal.....	4

Lobeira

Exposición pública da conta xeral do exercicio económico 2020.....	31
--	----

Monterrei

Aprobación da oferta de emprego público para o ano 2021.....	31
Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2/2021.....	32

IV. ENTIDADES LOCALES

Carballiño (O)

Exposición pública de la aprobación inicial del Reglamento de Honores y Distinciones.....	3
Aprobación definitiva del Reglamento Orgánico Municipal.....	17

Lobeira

Exposición pública de la cuenta general del ejercicio económico 2020.....	31
---	----

Monterrei

Aprobación de la oferta de empleo público para el año 2021.....	32
Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos núm. 2/2021.....	32



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

O Carballiño

A Corporación Municipal, na sesión ordinaria do 21 de abril de 2021, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de honras e distincións para conceder polo Concello do Carballiño e, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 56 do Texto refundido de réxime local, sométese a información pública polo prazo de mínimo trinta días, contado desde día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas. Durante este prazo poderá ser examinado por calquera interesado/a para formular as alegacións que se estimen pertinentes. No caso de non presentarse reclamacións, no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo.

Publicase isto para os efectos do seu xeral coñecemento.

Regulamento de honores e distincións do Concello do Carballiño

Capítulo I. Obxecto

Artigo primeiro

Este regulamento ten por obxecto a regulamentación dos honores e distincións que concederá o Concello do Carballiño, encamiñados a premiar merecementos excepcionais en todas as ordes ou servizos destacados, prestados en beneficio do Carballiño e do seu concello.

Artigo segundo

Toda as distincións ás que fai referencia este regulamento son vitalicias e teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo, nin de carácter económico.

Artigo terceiro

Coa soa excepción de xerarquías do Estado, non se poderán conceder honores ou distincións a quen desempeñe un cargo público, e respecto dos que se atope o Concello en relación de intereses, función ou servizo, namentres subsistan estes motivos.

Capítulo II. Clases de honores e distincións.

Artigo cuarto

Os honores e distincións que pode conceder o Concello do Carballiño serán por orde precedente, os seguintes:

- Nomeamento de fillo/a predilecto/a do Concello do Carballiño;
- Nomeamento de fillo/a adoptivo/a do Concello do Carballiño;
- Medalla de Ouro do Concello do Carballiño;
- Medalla de Prata do Concello do Carballiño;
- Nomeamento de presidente/a honorario/a da Corporación do Carballiño.

Artigo quinto

O nomeamento de fillo/a predilecto/a do Concello do Carballiño só poderá recaer nas persoas naturais que nacesen no termo municipal e o de fillo/a adoptivo/a nos que non nacesen neste, calquera que sexa a súa natureza de orixe.

Artigo sexto.

O nomeamento de membros honorarios non outorgará, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou administración do concello, pero poden ser investidos/as polo alcalde, de funcións representativas, cando teñan que exercela fóra daquela.

Para concederlles estes honores a persoas estranxeiras, requiríraselle autorización expresa do ministerio encargado da Administración Pública, tras o informe do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Artigo sétimo.

O outorgamento das medallas de ouro e prata poderá facerse a persoas naturais en vida ou a título póstumo, así como a persoas xurídicas.

Artigo oitavo.

O número máximo de distincións será o seguinte:

- Fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a: dúas ao ano
- Medalla de Ouro: dúas ao ano
- Medalla de Prata: dúas ao ano

As distincións non se poderán acordar sen a existencia previa de vacante. Cando os/as titulares desta sexan persoas xurídicas, as vacantes entenderanse que se producen a partir dos dez anos da data de acordo da concesión. As concedidas a título póstumo non se computarán para efectos de número máximo de medallas de ouro e de prata.

Nun rexistro especial levarase a relación circunstanciada de todos/as os/as agraciados/as coas distincións contidas neste regulamento.

Artigo noveno.

A concesión dos títulos acreditarase mediante un diploma e o correspondente distintivo.

A medalla de ouro irá suxeita cun pasador do mesmo metal a un cordón de seda, coas cores da bandeira galega, terá forma circular, ostentando no adverso o escudo do Carballiño orlado coa seguinte inscrición: "Excmo. Concello do Carballiño - Premio ao Mérito -" e no reverso levará gravados o nome e os apelidos do/a titular ou da entidade, e a data de concesión.

A medalla de prata será deste metal, e no demais, análoga á de ouro.

O distintivo para fillo/a predilecto/a, adoptivo/a ou presidente/a honorario/a da corporación, será a medalla corporativa.

Capítulo III. Procedemento.

Artigo décimo.

Para a concesión dos honores e distincións previstos neste regulamento será preciso a instrución do oportuno expediente, no que se acrediten os méritos e circunstancias da persoa ou entidade á que se pretende distinguir.

Cando concorran extraordinarios e notorios méritos no/a interesado/a, poderá prescindirse do expediente, sempre que o acordo se adopte por aclamación.

A iniciativa do expediente poderá partir da Presidencia da Corporación; da proposición asinada por nove concelleiros/as da Corporación municipal, como mínimo; ou de instancia subscrita por cen residentes no concello, polo menos; ou por unha entidade, institución ou corporación da provincia de recoñecido prestixio.

En todos os casos, a Presidencia será o órgano competente para ordenar a instrución do expediente, así como para o nomeamento do/a instrutor/a.

Artigo décimo primeiro

O/A instrutor/a do expediente ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos da persoa ou entidade proposta, concluíndo aquel na correspondente proposta de resolución.

O expediente ditaminarao a comisión informativa competente e elevarase, para a súa resolución, ao Pleno da Corporación municipal.

Artigo décimo segundo

O acordo do Pleno da Corporación concedendo os honores e distincións, adoptarase co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, de ser o caso, de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. As votacións serán sempre secretas.

Artigo décimo terceiro.

A entrega das distincións efectuaráa alcalde, en acto solemne e público, que se celebrará, salvo circunstancias excepcionais, no salón de plenos do Concello do Carballiño, con asistencia da Corporación en pleno. No caso de que as distincións se outorguen a título póstumo, entregaráselle a un familiar ou amigo/a do premiado.

Artigo décimo cuarto

As persoas físicas ás que se lles outorgasen calquera das distincións deste regulamento, ou aquelas ás que lle corresponda a súa representación, no caso das entidades, terán dereito a ser invitadas aos actos oficiais de maior solemnidade que organice o Concello do Carballiño.

Artigo décimo quinto.

En todo o non previsto neste regulamento, estarase ao que dispoña a lexislación sobre réxime local.

Disposicións transitorias.

Primeira:

Os títulos de fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a así como as medallas de ouro e de prata concedidas conforme ao anterior regulamento, computaranse para os efectos do número máximo destas distincións establecidas no artigo 8º deste regulamento.

Segunda:

As medallas de ouro e de prata outorgadas a persoas xurídicas durante a vixencia do anterior regulamento, producirán a súa vacante aos dez anos da súa concesión, conforme prevé o citado artigo 8º.

Disposición derogatoria

A entrada en vigor deste regulamento quedará derogado, de existir, o anterior de honores e distincións do Concello do Carballiño.

Disposición final.

Este regulamento entrará en vigor unha vez que, cumpridos os trámites establecidos, o seu texto apareza integramente publicado no BOP da provincia de Ourense.

O Carballiño, 21 de abril de 2021. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fumega Piñeiro.

La Corporación Municipal, en la sesión ordinaria de 21 de abril de 2021, acordó aprobar inicialmente el Reglamento de Honores y Distinciones a conceder por el Ayuntamiento de O Carballiño, y de conformidad con los artículos 49 y 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y 56 del Texto Refundido de Régimen Local, se somete a información pública por el plazo de mínimo treinta días, a contar desde día siguiente a la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia para que pueda ser examinada y presentar las reclamaciones que se estimen oportunas. Durante dicho plazo podrá ser examinado por cualquier interesado para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes. En el caso de no presentarse reclamaciones en el citado plazo, se entenderá definitivamente aprobado el acuerdo.

Lo que se hace público a efectos de su general conocimiento.

Reglamento de honores y distinciones del Ayuntamiento de O Carballiño

Capítulo I. Objeto.

Artículo primero

El presente reglamento tiene por objeto la regulación de los honores y distinciones a conceder por el Ayuntamiento de O Carballiño, encaminados a premiar méritos excepcionales en todas las órdenes o servicios destacados, prestados en beneficio de O Carballiño y de su ayuntamiento.

Artículo segundo

Todas las distinciones a las que hace referencia este reglamento son vitalicias y tienen carácter exclusivamente honorífico, sin que, por lo tanto, otorguen ningún derecho administrativo, ni de carácter económico.

Artículo tercero

Con la sola excepción de jerarquías de Estado, no se podrán conceder honores o distinciones a quien desempeñe cargo público, y respecto de los que se encuentre el Ayuntamiento en relación de intereses, función o servicio, mientras subsistan estos motivos.

Capítulo II. Clases de honores y de distinciones

Artículo cuarto

Los honores y distinciones que puede conceder el Ayuntamiento de O Carballiño serán, por orden precedente, los siguientes:

a) Nombramiento de hijo predilecto del Ayuntamiento de O Carballiño.

b) Nombramiento de hijo adoptivo del Ayuntamiento de O Carballiño.

c) Medalla de Oro del Ayuntamiento de O Carballiño.

d) Medalla de Plata del Ayuntamiento de O Carballiño.

e) Nombramiento de presidente honorario de la Corporación de O Carballiño.

Artículo quinto.

El nombramiento de hijo predilecto del Ayuntamiento de O Carballiño solo podrá recaer en las personas naturales que hubiesen nacido en el término municipal y el de hijo adoptivo en los que no hubiesen nacido en el mismo, cualquier que sea su naturaleza de origen.

Artículo sexto.

El nombramiento de miembros honorarios no otorgará, en ningún caso, facultades para intervenir en el gobierno o administración del Ayuntamiento, pero pueden ser investidos por el alcalde, de funciones representativas, cuando tengan que ejercerla fuera de aquella.

Para concederles estos honores a personas extranjeras, se les requerirá autorización expresa del ministerio encargado de la Administración Pública, tras el informe del Ministerio de Asuntos Exteriores.

Artículo séptimo.

El otorgamiento de las medallas de oro y plata podrá hacerse a personas naturales en vida o a título póstumo, así como a personas jurídicas.

Artículo octavo.

El número máximo de distinciones será el siguiente:

Hijo predilecto e hijo adoptivo: 2 anualmente

Medalla de Oro: 2 anualmente

Medalla de Plata: 2 anualmente

Las distinciones no se podrán acordar sin la existencia previa de vacante. Cuando los titulares de la misma sean personas jurídicas, las vacantes se entenderán que se producen a partir de los diez años de la fecha de acuerdo de la concesión. Las concedidas a título póstumo no se computarán a efectos de número máximo de medallas de oro y de plata.

En un registro especial se llevará relación circunstanciada de todos los agraciados con las distinciones contenidas en este reglamento.

Artículo noveno.

La concesión de los títulos se acreditará mediante un diploma y el corresponsal distintivo.

La medalla de oro irá sujeta con un pasador del mismo metal a un cordón de seda, con los colores de la bandera gallega, tendrá forma circular, ostentando en el averso el escudo de O



Carballiño orlado con la siguiente inscripción: “Excmo. Ayuntamiento de O Carballiño - Premio al Mérito -“ y en el reverso llevará grabados el nombre y los apellidos del titular o de la entidad, y la fecha de concesión.

La medalla de plata será de este metal, y en lo demás, análoga a la de oro.

El distintivo para hijo predilecto, adoptivo o presidente honorario de la Corporación, será la medalla corporativa.

Capítulo III. Procedimiento

Artículo décimo.

Para la concesión de los honores y distinciones previstos en este reglamento será preciso la instrucción del oportuno expediente, en el que se acrediten los méritos y circunstancias de la persona o entidad a la que se pretende distinguir.

Cuando concurren extraordinarios y notorios méritos en el interesado, podrá prescindirse del expediente, siempre que el acuerdo se adopte por aclamación.

La iniciativa del expediente podrá partir de la Presidencia de la Corporación; de proposición firmada por nueve concejales de la Corporación municipal, como mínimo; o de instancia suscrita al menos, por cien residentes en el ayuntamiento; o por una entidad, institución o corporación de la provincia de reconocido prestigio.

En todos los casos, la Presidencia será el órgano competente para ordenar la instrucción del expediente, así como para el nombramiento del instructor.

Artículo décimo primero

El instructor del expediente ordenará la práctica de cuantas pruebas y actuaciones conduzcan a la precisión de los méritos de la persona o entidad propuesta, concluyendo aquel en la correspondiente propuesta de resolución.

El expediente lo dictaminará la comisión informativa competente y se elevará, para su resolución, al Pleno de la Corporación municipal.

Artículo decimosegundo

El acuerdo del Pleno de la Corporación concediendo los honores y distinciones, se adoptará con el voto favorable de las dos terceras partes del número de hecho, y si es el caso, de mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación. Las votaciones serán siempre secretas.

Artículo decimotercero

La entrega de las distinciones la efectuará el alcalde, en acto solemne y público, a celebrar, salvo circunstancias excepcionales, en el salón de plenos del Ayuntamiento de O Carballiño, con asistencia de la Corporación en pleno. En caso de que las distinciones se otorguen a título póstumo, se le entregarán a un familiar o amigo del premiado.

Artículo decimocuarto

Las personas físicas a las que se les otorguen cualquiera de las distinciones del presente reglamento, o aquellas a las que les corresponda su representación, en el caso de las entidades, tendrán derecho a ser invitadas a los actos oficiales de mayor solemnidad que organice el Ayuntamiento de O Carballiño.

Artículo decimoquinto.

En todo lo no previsto en este reglamento, se estará a lo que disponga la legislación sobre régimen local.

Disposiciones transitorias.

Primera:

Los títulos de hijo predilecto y de hijo adoptivo, así como las medallas de oro y de plata concedidos conforme al anterior reglamento, se computarán a los efectos del número máximo de estas distinciones establecidas en el artículo 8º de este reglamento.

Segunda:

Las medallas de oro y de plata otorgadas a las personas jurídicas durante la vigencia del anterior reglamento, producirán su vacante a los diez años de su concesión, conforme prevé el citado artículo 8º.

Disposición derogadora

A la entrada en vigor de este reglamento quedará derogada, de existir, el anterior de honores y distinciones del Ayuntamiento de O Carballiño.

Disposición final.

El presente reglamento entrará en vigor una vez que, cumplidos los trámites establecidos, su texto aparezca íntegramente publicado en el BOP de la provincia de Ourense.

O Carballiño, 21 de abril de 2021. El alcalde.

Fdo.: Francisco José Fumeça Piñeiro.

R. 1.276

O Carballiño

No Pleno ordinario do día 24/04/2020 someteuse a aprobación definitiva o Regulamento orgánico municipal do Concello do Carballiño, cos seguintes resultados cuxo texto íntegro se insire nesta publicación

Exposición de motivos

A Constitución española do 27 de decembro de 1978, no título VIII, artigos 137 e 140, recoñece e garante a autonomía dos municipios. Este principio constitucional desenvólvese na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que no seu artigo 4.1.a), establece que aos municipios, dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlles, en todo caso, as potestades regulamentaria e de autoorganización, que se repite no artigo 6.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Estas potestades, é dicir, a potestade de ditar normas e de regular a súa propia organización, están recollidas expresamente no artigo 20.1.d), artigo 22.2.d) e 22.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 59.1 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia. Entre as potestades destaca a posibilidade de que cada corporación local aprobe o seu regulamento orgánico, relativo ao seu réxime organizativo e de funcionamento dos seus órganos, axeitado ás características propias de cada corporación, sen outro límite que o respecto ás regras de organización municipal establecido na lexislación básica do Estado (Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) e na Lei 5/97, da Administración local de Galicia.

Así pois, no exercicio do dereito de autonomía municipal e da potestade regulamentaria e de autoorganización, a corporación aproba o seguinte:

Título preliminar

Artigo 1. Obxecto

O Concello do Carballiño, no exercicio das potestades regulamentarias e de autoorganización que lle recoñece a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 4.1.a), 20.1.d.) e 20.3, e a Lei 5/97 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, artigos 6.1.a) e 59.1, e con suxeición a elas, promove co presente regulamento, a súa organización e réxime de funcionamento dos órganos necesarios e complementarios que nel se establecen.

Artigo 2. Rango xerárquico e lexislación aplicable.

A organización e funcionamento interno do concello axustarase á seguinte orde xerárquica de fontes normativas:

a) Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación básica que se dite en diante.

b) Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

c) O Regulamento orgánico municipal.

d) Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, para aquelas materias nas que resulte insuficiente a normativa establecida no regulamento orgánico, polo que este ten preferencia sobre aquel.

Título I. Dos órganos municipais

Artigo 3. Determinación dos órganos municipais

Son órganos de obrigatoria existencia neste concello, segundo o establecido no artigo 20 e no artigo 116 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 59 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, os que se enumeraran a continuación:

- o/a alcalde/sa
- os/ as tenentes de alcalde/sa
- o Pleno
- a Xunta de Goberno Municipal
- as comisións informativas
- a Comisión Especial de Contas
- a Xunta de Portavoces

Cada un destes órganos terá as atribucións e funcións sinaladas pola lexislación local, coas especificacións que poidan establecerse no presente regulamento.

Artigo 4. A Alcaldía

A Alcaldía é o presidente da corporación, dirixe o goberno e a administración municipal, e correspóndelle a Presidencia de todos os órganos municipais.

Terá as funcións encomendadas pola lexislación básica en materia de réxime local, así como pola autonómica, nos artigos 21 da Lei 7/1985; 61 da Lei galega 5/1997 e 41 do RD 2568/1986 e demais normativas, e pode delegar o exercicio das súas atribucións coas prerrogativas e limitacións establecidas no artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O/A alcalde/sa pode efectuar delegacións xenéricas a prol dos/as tenentes de alcalde/sa e dos/das concelleiros/as que sexan membros da Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas, cando se confiran con esta expresión, referiranse a unha ou a varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que atinxan a terceiros.

Así mesmo, o alcalde poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión de asuntos determinados. Estas delegacións especiais poderán ser de tres tipos:

a) Relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación, que poderá conter todas as facultades delegables do alcalde, incluída a de emitir actos que afecten a terceiros, limitarase ao tempo de xestión ou execución do proxecto.

b) Relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

c) Relativas a un distrito ou barrio. Poderán incluír todas as facultades delegables do alcalde en relación con certas materias, pero circunscritas ao ámbito territorial da delegación. En caso de coexistir este tipo de delegacións con delegacións xenéricas por áreas, os decretos de delegación establecerán os mecanismos de coordinación entre unhas e outras, de tal

maneira que quede garantida a unidade de goberno e xestión do municipio.”

O carácter indelegable da xefatura superior de todo o persoal ao servizo do concello non significará a imposibilidade de conferir delegacións de execución ou xestión nunha ou varias concellarías, así como na Xunta de Goberno Municipal.

As delegacións que poida efectuar a Alcaldía para a asistencia a actos puntuais, sinatura de documentos, comparecencias en xuízo, etc, non precisarán de publicación ningunha, será suficiente unha resolución neste sentido.

Artigo 5. Tenentes de alcalde/sa

1. Os/As tenentes de alcalde/sa serán libremente nomeados e destituídos polo/a alcalde/sa de entre os membros da Xunta de Goberno. A condición de tenente de alcalde/sa pérdese, ademais de por cesamento ou revogación, por:

a) Renuncia expresa manifestada por escrito, e producirá efectos desde a presentación do devandito escrito no rexistro de entrada do concello.

b) Pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno.

2. O número de tenentes de alcalde/esa non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno.

3. Os nomeamentos e mais os cesamentos faranse mediante resolución do/a alcalde/sa, da que se lle dará conta ao Pleno na primeira sesión que se realice, notificándolle ademais persoalmente aos/ás designados/as, e publicarase non Boletín Oficial da Provincia.

4. O nomeamento requirirá, para ser eficaz, a aceptación do/da destinatario/a. Entenderase tacitamente aceptada se no termo dos tres días hábiles contados desde a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa perante o/a alcalde/esa de non aceptar o nomeamento.

5. O cesamento ou revogación terá efectividade desde o momento da notificación persoal ao/á interesado/a.

Artigo 6. O Pleno

1. O Pleno do Concello estará integrado polo alcalde ou alcaldesa, que o preside, e por todos/as os/as concelleiros/as, ao seren designados/as pola xunta electoral e ao tomaren posesión do seu cargo formalmente ante o propio Pleno.

2. O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no/a alcalde/sa e na Xunta de Goberno Local, coas prerrogativas e limitacións establecidas no artigo 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 7. Xunta de Goberno Local

1. A Xunta de Goberno Local está integrada polo alcalde ou alcaldesa, que a preside, e un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal deles/as, nomeados/as e separados/as libremente por aquel, dándolle conta ao Pleno. Para os efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros/as.

2. Corresponderalle a asistencia ao/á alcalde/sa no exercicio das súas atribucións, e as atribucións que lle sexan delegadas polo Pleno ou a Alcaldía.

Artigo 8. Comisións informativas.

1. Consonte co establecido no artigo 20.1. c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigo 68.1 da Lei 5/97, as comisións informativas existirán necesariamente, sen prexuízo da súa denominación, clases, funcións e composición, que variará segundo estableza en cada caso o Pleno municipal. Todos os grupos municipais terán dereito a participar nelas, mediante concelleiros/as pertencentes a estes, en proporción ao número de concelleiros/as que teñan no Pleno. No caso de haber concelleiros/as non adscritos, terán dereito a participar na totalidade das comisións informativas existentes, con voz e voto. Con todo, de producirse este suposto, o sistema



de voto que se empregue nas devanditas comisións sería o do voto ponderado.

2. En todo caso, as comisións informativas teñen por obxecto:

a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que deben ser sometidos á decisión do Pleno, salvo cando se trate de sesións extraordinarias urxentes, ou de mocións, así como daqueles asuntos que se deban someter á decisión da Xunta de Goberno Local cando actúe por delegación do Pleno, de acordo co artigo 68.2 da Lei 5/97.

b) O informe daqueles asuntos da competencia propia ou delegada da Xunta De Goberno Local, ou do alcalde, que lle sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

Artigo 9. Órganos complementarios

A creación de órganos complementarios precisará da modificación previa do presente regulamento orgánico, a través do procedemento legalmente previsto, que en todo caso deberá de ser aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Artigo 10. Xunta de Portavoces

Xunta de Portavoces. A Xunta de Portavoces configurarase como un órgano de consulta e negociación política que se convocará antes das comisións informativas. Ten por obxecto:

a) Asistir e asesorar o/a alcalde/sa, cando o estime pertinente, na súa condición de presidente da sesión do Pleno, especialmente na confección de calendarios, ordes do día, ordenación dos debates da sesión, etc.

b) Asistir e asesorar o/a alcalde/sa en asuntos concretos de interese xeral, cando o considere necesario

Título II. Funcionamento dos órganos municipais

Capítulo I. O Pleno

Artigo 11. O Pleno

1. O Pleno é ou órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal e está integrado por todos/as os/as concelleiros/as e presidido pola Alcaldía.

2. Controla e fiscaliza os órganos de goberno, exerce a potestade regulamentaria, a orzamentaria e demais atribucións que lle outorgan as leis. Terá as competencias sinaladas nos artigos 22 da Lei 7/1985; 64 da Lei galega 5/1997 e 50 do RD 2568/1986 e demais normativa vixente. Correspóndelle, igualmente ao Pleno, a votación sobre a moción de censura ao/a alcalde/sa e a cuestión de confianza formulada por el mesmo e que se rexen polo disposto na lexislación electoral xeral.

3. O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no/a alcalde/sa e na Xunta de Goberno Local, coas prerrogativas e limitacións establecidas no artigo 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. As delegacións do Pleno no/a alcalde/sa ou na Xunta de Goberno Local non quedarán revogadas só polo feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición concreta da Xunta De Goberno Local.

Artigo 12. Lugar, días e hora de constitución do Pleno.

O Pleno constituirase en sesión pública extraordinaria ás 12.00 horas do vixésimo día posterior á realización das eleccións municipais, excepto recurso contencioso-electoral que se constituirá no cuadraxésimo posterior á mesma hora.

Artigo 13. Actividades preliminares

1. Os/As concelleiros/as electos/as entregarán na Secretaría Xeral as credenciais expedidas ao seu favor pola xunta electoral de zona.

2 Os/As concelleiros/as electos/as formularán dúas declaracións, unha sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que lles proporcionen ou lles poidan proporcionar ingresos económicos e outra dos seus bens patrimoniais.

3. O/A secretario/a xeral do concello remitiralles un escrito aos/ás concelleiros/as, comunicándolles día, lugar e hora da sesión e facilitándolles os modelos de declaración.

4. A Secretaría Xeral e a Intervención, adoptarán as medidas precisas para que o día da constitución exista acta de arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da corporación depositados na caixa municipal ou en entidades financeiras, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal e o dos seus organismos autónomos.

Artigo 14. Quórum da sesión de constitución

Para a válida realización da sesión, concorrerán a maioría absoluta dos/as concelleiros/ as electos/as. Se o número fose inferior, entenderanse convocados dous días naturais despois no mesmo lugar e hora.

Artigo 15. Mesa de idade

1. Para a constitución da corporación formarase unha mesa de idade integrada polos/as electos/as de maior e menor idade presentes. Actuará como secretario/a o/a do concello.

2. O membro de maior idade ocupará a Presidencia e asumirá as competencias relativas á dirección do acto.

Artigo 16. Procedemento de constitución

1. A constitución do Pleno realizarase de acordo co procedemento establecido na lexislación electoral. Correspóndenlle á mesa as seguintes competencias:

a) Comprobación das credenciais dos/as concelleiros/as electos/as, baseándose nas certificacións da xunta electoral de zona.

b) Comprobación da presentación das declaracións de bens e de actividades. De non as presentar, non tomarán posesión do cargo.

c) Os/As concelleiros/as electos/as formularán xuramento ou promesa do cargo, de acordo coa seguinte fórmula:

Xuro ou prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello do Carballiño, con lealdade ao rei e respectar e facer respectar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Ou outras fórmulas habilitadas e permitidas pola lei ou a xurisprudencia. Realizarase o xuramento ou promesa por orde alfabética, a medida que se nomee a cada concelleiro/a electo/a. Comezarán coa formulación os membros da mesa, en primeiro lugar o de maior idade.

d) Unha vez efectuada a promesa ou xuramento, o/a presidente/a da mesa declarará constituída a nova corporación.

2. Os/As concelleiros/ as electos/as que non concorran á sesión tomarán posesión en sesións, plenarias posteriores, ante o Pleno tras o cumprimento das formalidades das letras a), b) e c).

Artigo 17. Duración do mandato

O mandato dos membros da corporación é de catro anos, e finaliza o día anterior ao da realización das seguintes eleccións municipais.

Artigo 18. Prórroga de funcións

1. Cando finalice o mandato, os/as concelleiros/as cesantes continuarán en funcións para asuntos de administración ordinaria ata a toma de posesión dos/as sucesores/as. Non adoptarán acordos para os que se requira maioría absoluta, nin de administración extraordinaria.

O goberno en funcións facilitará o normal desenvolvemento do proceso de formación do novo goberno e o traspaso de poderes, e limitará a súa xestión ao despacho ordinario dos asuntos públicos; absterase de adoptar, excepto casos de urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral, cuxa acreditación, expresa así o xustifique, calquera outra medida.

2. Son acordos de administración extraordinaria os que vinculen fondos de futuros exercicios económicos ou sexan susceptibles de comprometer a política xeral da nova corporación, en todo caso, os seguintes:

- Os relativos á aprobación ou modificación de ordenanzas.
- Establecemento e modificación de tributos e prezos públicos.
- Creación de órganos desconcentrados ou descentralizados.
- Aprobación ou modificación do orzamento, excepto derivada da execución de sentenza xudicial.
- Establecemento de novos servizos ou a modificación da xestión dos existentes.
- Aceptación de competencias delegadas doutras administracións.
- Formulación e aprobación de instrumentos de planeamento.
- Declaración de lesividade de actos municipais, a súa revogación ou revisión de oficio.
- Aprobación ou modificación do cadro de persoal.
- Modificación do réxime e do número de persoal eventual.
- Modificación do réxime de dedicación e de retribución ou indemnización dos membros da corporación.
- Calquera outro de natureza análoga.

3. Exceptúanse os acordos que, a pesar de non precisar maioría absoluta, estean dirixidos ao cumprimento de prazos preclusivos impostos por disposicións administrativas ou normas procesuais ou cando da súa inobservancia se deriven prexuízos para os intereses municipais.

4. O terceiro día anterior á sesión constitutiva reunirse o Pleno para o só efecto de aprobar a acta da última sesión.

Artigo 19.- Competencias organizativas do Pleno.

Dentro dos trinta días seguintes á sesión constitutiva, o Pleno realizará as sesións que sexan necesarias para adoptar os seguintes acordos:

- Establecemento da periodicidade das sesións ordinarias.
- Creación e composición das comisións informativas.
- Determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.
- Dedicacións, retribucións e indemnizacións dos cargos da corporación.
- Nomeamento de representantes do Concello en órganos colexiados.
- Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais e da designación dos respectivos portavoces.
- Coñecemento das resolucións da Alcaldía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde/sa, membros da Xunta de Goberno Local, presidentes/as das comisións informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime oportuno conferir.

Artigo 20. Funcionamento do Pleno, e clases de sesións

1. As sesións do Pleno poderán ser:

- a) ordinarias
- b) extraordinarias
- c) extraordinarias e urxentes.

2. O galego, lingua de Galicia, é a do Pleno do Concello de Carballiño. As convocatorias, ordes do día, mocións, propostas de acordo, ditames, emendas, actas, notificacións, recursos, comparecencias e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito no nome do Pleno redactaranse en lingua galega, excepto aqueles que deban producir efectos fóra da nosa comunidade autónoma.

3. Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, respectará o principio de unidade de acto e procurarse que termine no mesmo día do seu comezo. Se acaba sen que se debatesen e resolven todos os asuntos incluídos na orde do día, o presi-

dente poderá rematar a sesión. Neste caso, os asuntos non debatidos deberanse incluír na orde do día da seguinte sesión.

Artigo 21. Sesións ordinarias

1. O Pleno realizará sesións ordinarias o día fixado na sesión organizativa de todos os meses, agás as que coincidan con períodos de vacacións do persoal ou por causas de forza maior. Non perden o carácter de ordinarias aquelas que se realicen por circunstancias especiais dentro dos tres días seguintes ao prefixado.

2. A Alcaldía, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos grupos políticos e concelleiras e concelleiros non adscritos poderá, por causa xustificada, e tras o acordo previo da Xunta de Portavoces, adiantar ou atrasar as ditas datas e horas, mesmo no caso de que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente.

Artigo 22. Sesións extraordinarias

O/A alcalde/sa é quen convoca as sesións extraordinarias por iniciativa propia ou por pedimento da cuarta parte, cando menos, do número legal dos membros da corporación, ningún concelleiro ou concelleira pode solicitar máis de tres anualmente. A solicitude deberase facer mediante un escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, e debe estar asinado persoalmente por todos os concelleiros e concelleiras que a subscriben e achegarán todos os documentos que sirvan de antecedentes para poder adoptar a proposta ou propostas de decisións que se formulen e que deberán estar ao dispor dos/as concelleiros/as desde o momento da convocatoria. O/A alcalde/sa poderá non convocar o pleno solicitado se infrinxen a lexislación aplicable para o efecto. Neste suposto, no prazo dos catro días hábiles seguintes ao pedimento, e logo do informe da Secretaría para o efecto, ditará resolución, que deberá ser motivada, denegando a solicitude da convocatoria, e cos recursos correspondentes. No suposto de que a solicitude presentase algún defecto de forma ou non estivese acompañada dos documentos aos que se fai referencia no epígrafe primeiro desta liña, concederase un prazo de dous días para a emenda, e de non se cumprir, o/a alcalde/sa deberá, no prazo dos catro días seguintes ao requirimento da emenda, ditará resolución motivada pola que se efectúe ou se denegue a convocatoria.

Cando os asuntos para tratar non sexan de competencia plenary, o alcalde efectuará a convocatoria, pero non se poderán adoptar acordos se os asuntos son alleos á competencia municipal.

Contra a denegación expresa da solicitude da convocatoria, os/as interesados/as poderán interpoñer os correspondentes recursos, sen prexuízo de que a Administración do Estado ou da comunidade autónoma respectiva poidan facer uso das facultades ás que se refire o artigo 65 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Non poderá incorporarse o asunto ou asuntos motivo da solicitude á orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos, nin incorporarse outros distintos, salvo que o autoricen expresamente os solicitantes da convocatoria

Artigo 23. Sesións extraordinarias e urxentes

O Pleno realizará sesións extraordinarias e urxentes cando non se poida convocar coa antelación mínima de dous días hábiles, esixidos pola Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O primeiro punto da orde do día será a ratificación da urxencia da sesión pola maioría dos membros. Non será necesario que os asuntos sexan ditaminados polas comisións.

Artigo 24. Sesións telemáticas

1. Cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten, de maneira desproporcionada, o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados



das entidades locais, tras a proposta previa da Xunta de Portavoces, estes poderán, unha vez que se aprecie a concorrencia da situación descrita polo/a alcalde/sa ou presidente/a ou quen validamente os substitúa para o efecto da convocatoria, de acordo coa normativa vixente, constituírse, realizar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñendo os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto destas segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, vídeoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.

2. Poderanse realizar plenos telemáticos, coa presenza no salón de actos dos/as voceiros/as dos diferentes grupos municipais.

Artigo 25. Convocatoria das sesións plenarias

1. As sesións plenarias requirirán a convocatoria da Presidencia que, acompañada da orde do día cos asuntos para tratar, se lle notificará aos membros da corporación no enderezo que sinalen para ese efecto. A documentación completa integrante dos expedientes que se sometan ao pronunciamento do Pleno estarán na secretaría do concello desde o momento mesmo da súa convocatoria. O exame desta documentación pódese realizar, preferentemente por medios telemáticos, no seu defecto na propia secretaría ou ben, a falta de espazo idóneo, nas dependencias que especificamente se habiliten para iso e en horario laboral. Os/as concelleiros/as deberán devolver os expedientes unha vez examinados e baixo a súa responsabilidade, na secretaría municipal tal e como lles fosen entregados.

Os/as concelleiros/as poderán obter copias de documentos en concreto dos expedientes, mais baixo ningún concepto os orixinais sairán do lugar do seu exame.

2. A convocatoria notificarase, a non máis tardar, con dous días hábiles de antelación á realización da sesión, non se computarán, para estes efectos, os días de notificación e de realización do Pleno.

3. Xunto coa convocatoria e a orde do día das sesións ordinarias do Pleno, acompañarase o borrador da acta ou actas das sesións que se sometan a aprobación.

4. Cando se trate de sesións extraordinarias convocadas por iniciativa da Presidencia, terase que motivar na convocatoria a súa necesidade.

5. Poderase articular un sistema para que a convocatoria poida comunicarse por medios telemáticos e entenderase realizada desde o momento en que estea dispoñible, en calquera medio que permita ter constancia da súa recepción polos membros da corporación.

Artigo 26. Convocatorias extraordinarias por solicitude de concelleiros/as

1. As sesións extraordinarias por solicitude dos membros da corporación convocaranse dentro dos catro días hábiles seguintes á data na que a petición entrase no Rexistro Xeral do Concello. A súa realización non se demorará máis de quince días hábiles desde a solicitude; non se poderá incorporar o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

2. Se a Presidencia non convocase o Pleno extraordinario quedaría automaticamente convocado ás 12.00 horas do décimo día

hábil seguinte ao da finalización do prazo de quince días referido no parágrafo anterior, agás que o escrito de petición non cumprise os requisitos sinalados legalmente. Neste caso, dentro dos catro días hábiles seguintes ao da petición, a Presidencia ditará e notificaralles aos/ás asinantes unha resolución motivada na que se denega a petición.

3. De darse a circunstancia de que, dos asuntos propostos, soamente respecto dalgún ou algúns fose o Pleno incompetente, a Presidencia ditará resolución motivada que notificará aos solicitantes con denegación da solicitude exclusivamente respecto deste extremo, e convocará o Pleno coa supresión destes asuntos da orde do día proposta.

4. Se a solicitude non cumprise cos requisitos esixidos, a Secretaría Xeral poñerá esta circunstancia en coñecemento da Presidencia por escrito e quedará exonerado de efectuar a notificación mencionada no parágrafo anterior.

5. Unha vez efectuada a convocatoria, de forma expresa ou de forma automática, en caso de ausencia da Presidencia, ou de quen legalmente teña que substituíla, o Pleno quedará validamente constituído, coa asistencia dun terzo do seu número legal de membros, e da Secretaría Xeral. Ocupará a Presidencia o membro da corporación de maior idade presente.

Artigo 27. Nomenclatura.

Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

a) Ditame: é a proposta sometida ao Pleno logo do estudo do expediente pola comisión informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo que se debe adoptar. Os ditames teñen carácter preceptivo, aínda que non serán vinculantes, de maneira que se poderán incluír tales asuntos aínda cando o sentido do ditame sexa desfavorable.

b) Propostas de carácter político ou institucional: son aquelas que non emanan dun expediente administrativo, para que sexan ditaminadas con carácter previo á súa posible inclusión na orde do día da sesión plenaria correspondente. Os grupos poderán presentar as mocións que consideren necesarias. A Xunta de Portavoces acordará que mocións se levaran ao Pleno, en virtude do principio de proporcionalidade a cada grupo político municipal e concelleira ou concelleiro non adscrito. Os tempos serán os recollidos no art. 37 deste Regulamento orgánico municipal (ROM). As propostas deberán ser informadas pola Secretaría Xeral ou a Intervención se expresamente o solicitasen e os informes fosen preceptivos para a súa aprobación polo Pleno.

c) Unha vez realizadas as sesións das comisións informativas, a Presidencia por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, por iniciativa propia ou por proposta dalgún dos portavoces e concelleiras e concelleiros non adscritos, propostas sobre asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva comisión informativa. A dita proposta conterá unha parte expositiva e unha parte dispositiva que concrete os acordos para adoptar e deberá xustificar a urxencia que concorre na necesidade de adoptar o acordo. En caso de non apreciarse, ou cando o devandito acordo requira o informe preceptivo dos titulares da Secretaría Xeral ou da Intervención, a Alcaldía adiará o devandito asunto para a seguinte sesión da comisión informativa que corresponda por razón da materia.

O Pleno non poderá debater nin votar as proposicións sen que previamente se ratifique individualmente e mediante maioría simple a súa inclusión na orde do día da sesión.

Da proposición aprobada polo Pleno darase conta na comisión informativa correspondente na primeira sesión que esta realice.

d) Mocións de urxencia non incluídas na orde do día, e por tanto non ditaminados en comisión informativa, para a súa toma en consideración polo Pleno municipal nas súas sesións ordinarias e unha vez concluídos os asuntos incluídos na orde do día. As mocións de urxencia deberán formularse por escrito. De ser posible, presentaranse polo menos con 48 horas de antelación ao comezo previsto da sesión co fin de que cheguen aos/ás portavoces. Poderá presentarse, como máximo, unha moción deste tipo.

Non poderán someterse á corporación mocións de urxencia se requiren informe preceptivo previo da Secretaría Xeral ou da Intervención, e así quedarían pospostas para o Pleno na seguinte sesión ordinaria que realice.

As mocións conterán unha parte xustificativa da urxencia que concorre a xuízo do grupo político que a presente, unha parte expositiva e unha parte dispositiva que concrete os acordos para adoptar. Sen a concorrencia destes requisitos, a Presidencia non aceptará a moción, salvo que se trate de mocións derivadas da tramitación de expedientes administrativos, nas que a urxencia poderá ser xustificada de forma verbal.

A Presidencia daralle a palabra ao portavoz do grupo político municipal ou á concelleira ou concelleiro non adscrito proponente, quen persoalmente ou cedendo a palabra a outro integrante do seu grupo, xustificará a urxencia que, ao seu entender e de acordo co escrito presentado, concorre na necesidade de adoptar o acordo ou acordos que inclúa a moción, sen que proceda ningún debate.

O Pleno en votación ordinaria apreciará a procedencia da urxencia mediante maioría absoluta de votos a favor; nese caso debaterase e votará atendendo ás regras xerais, con excepción dos tempos de intervencións, que quedarán limitados a cinco minutos na primeira quenda e a tres na segunda, se a houber. Quen propoña a moción terá seis minutos na primeira quenda, tres na segunda, e dous para o peche. Unha vez finalizado o debate, o alcalde poderá pechar cunha quenda de 5 minutos. Da moción de urxencia aprobada polo Pleno daráselle conta na comisión informativa correspondente na primeira sesión que se realice.

e) Voto particular: é a proposta de modificación dun ditame formulado por un membro que forma parte da comisión informativa. Deberá achegarse o ditame ao día seguinte ao da súa aprobación na comisión e presentarse no Rexistro Xeral de entrada. Tras debater o asunto, someterase primeiro a votación a proposta de modificación do ditame e deseguido, a proposta obxecto de ditame pola comisión informativa.

f) Emenda: é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera grupo municipal a través do/a seu/súa voceiro/a e deberase facer por escrito a través do Rexistro de entrada, antes das 15.00 horas do día anterior a aquel no que teña lugar a sesión, agás no suposto dos plenos extraordinarios urxentes, nos que o escrito lle será presentado ao/á alcalde/sa antes de se iniciar a deliberación do asunto. Excepcionalmente, poderanse presentar emendas de forma oral no Pleno sempre que sexan admitidas por todos os grupos presentes. As emendas poden ser á totalidade ou a algún punto concreto do ditame. Son á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito do ditame e propoñan a devolución dela á comisión correspondente ou propoñan un texto completo alternativo.

A aprobación da emenda levará consigo a devolución do ditame á comisión para que ditamine sobre o novo texto. As emendas a algún punto concreto poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto concreto que se propoña e non será necesaria a devolución do ditame á comisión.

O mesmo que no voto particular, votarase primeiro a emenda e deseguido a proposta obxecto de ditame pola comisión. De acordo co grupo proponente da emenda, poderá acordarse un texto transaccionado a algún ditame dos presentados.

g) Rogo: é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal, e poderán ser debattidos, pero en ningún caso sometidos a votación. Poden formular rogos todos os membros da corporación ou os grupos municipais a través dos concelleiros/as persoalmente ou a través dos seus voceiros e voceiras. Os rogos serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro Xeral de entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.

O grupo constituído por un concelleiro ou concelleira poderá presentar como máximo 10 rogos por sesión. Ampliándose en 5 máis por cada concelleiro/a a maiores de cada grupo. Os concelleiros/as non adscritos disporán de 10 rogos, non computándose os non respondidos no pleno ou plenos anteriores, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, sen que se poidan acumular nun mesmo rogo varias peticións. O que se formule deste xeito, entenderase como non presentado.

h) Pregunta: é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seo do Pleno. Poden formular preguntas os/as concelleiros/as dos grupos municipais persoalmente ou a través dos seus voceiros e voceiras. As preguntas serán contestadas polo alcalde/sa ou concelleiro/a con facultades delegadas ao que vaian dirixidas na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria. Non obstante, o/a alcalde/sa poderá deixalas para a sesión seguinte, se non dispuxese da información necesaria para o efecto. Os grupos municipais poderán, non obstante, solicitar contestación por escrito ás preguntas formuladas no Pleno ordinario.

O grupo constituído por un concelleiro/a poderá presentar como máximo 10 preguntas por sesión. Ampliándose en 5 máis por cada concelleiro/a a maiores de cada grupo. Os concelleiros/as non adscritos disporán de 10 preguntas. Non computándose os non respondidos no pleno ou plenos anteriores, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, presentarse de forma concisa e estrita a formulación desta, e non se poderán acumular nunha mesma pregunta varias cuestións. As que se formulen dese xeito, entenderanse como non presentada.

O grupo constituído por un concelleiro/a disporá de cinco minutos para facer as preguntas, aumentando nun minuto por cada concelleiro/a que forme parte do mesmo grupo municipal. Os/As concelleiros/as non adscritos disporán de 5 minutos.

i) Declaracións institucionais: expoñen a posición política ou social do Concello de Carballiño, con respecto a calquera asunto de interese xeral.

Artigo 28. Orde do día das sesións plenarias

1. A orde do día das sesións do Pleno será fixada libremente pola Alcaldía, asistido pola Secretaría Xeral, sen prexuízo das limitacións establecidas para o efecto por este regulamento.

2. Na orde do día soamente poderán incluírse asuntos previamente ditaminados ou sometidos á consulta da comisión informativa correspondente.

Por razóns de urxencia debidamente motivada, o/a alcalde/sa poderá incluír na orde do día, asuntos que non fosen previamente ditaminados pola respectiva comisión informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse ningún acordo sobre estes asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día, por maioría absoluta.

**Artigo 29.- Estrutura da orde do día das sesións do Pleno**

A orde do día das sesións do Pleno de carácter ordinario estruturarase nas seguintes partes:

a) Parte resolutiva, incluíra pola orde que se cita os seguintes asuntos:

1. Aprobación das actas das sesións anteriores
2. Proposicións de acordos
3. Mocións
4. Asuntos urxentes

b) A parte de control incluíra, pola orde que se cita, os seguintes asuntos:

1. Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.
2. Formulación de rogos
3. Formulación de preguntas

Artigo 30. Expediente da sesión

A convocatoria de todas as sesións plenarias dará lugar á apertura do correspondente expediente pola Secretaría Xeral, no que constará:

- a) A convocatoria e a orde do día definitivos.
- b) Documento que acredite a notificación da convocatoria ás e aos concelleiros/as.
- c) Documento acreditativo da publicación da convocatoria no taboleiro.
- d) Borrador da acta da sesión que se realice.

Artigo 31. Lugar de realización das sesións. Distribución de escanos

1. As sesións do Pleno terán lugar no salón de plenos da casa do concello, aínda que por motivos excepcionais ou de forza maior, ou cando por circunstancias debidamente xustificadas e en atención a valores de maior entidade, como serían a consecución dunha publicidade adecuada, a seguridade das instalacións, etc., a Alcaldía poderá resolver realizar a sesión noutro edificio municipal.

En todo caso a realización de sesións fóra da casa do concello terá carácter excepcional e deberá de procederse, canto antes, á habilitación de local idóneo naquela para albergar as sesións plenarias.

2. Os membros da corporación ocuparán no salón o escano que para ese efecto determine a Presidencia. A Presidencia procurará que os/as concelleiros/as ocupen estes de maneira que estean unidos ao seu grupo, e determinará a localización dos concelleiros e concelleiras non adscritos.

Artigo 32. Publicidade das sesións do Pleno

1. As sesións do Pleno son públicas. Non permitirá a Presidencia o acceso ao salón de sesións dun número superior ao da súa capacidade. A Policía Municipal controlará o acceso a través de medios que posibiliten a identificación. Facilitarase a presenza dos medios de comunicación social.

2. O Pleno, tras o acordo da maioría absoluta do número legal dos seus membros adoptado por proposta de calquera deles, declarará secreto o debate e votación dos asuntos que sexan susceptibles de afectar os dereitos fundamentais recoñecidos no art. 18.1 da Constitución.

3. A Presidencia velará polo mantemento da orde no salón. O público non poderá intervir, efectuar manifestacións de agrado ou desagrado, nin proferir comentarios que afecten ao devir da sesión, nin utilizar voces ou instrumentos que, polo seu contido, resulten ofensivas, distraian a atención de quen participa na sesión ou perturben o seu normal desenvolvemento. A Presidencia, logo dunha primeira advertencia, poderá expulsar á persoa que altere o normal discorrer das sesións, a condición de que a gravidade da alteración e o seu obstáculo ao desenvolvemento o fixese preciso.

Artigo 33. Participación cidadá

1. Nas sesións ordinarias que realice o Pleno, unha vez rematada a sesión, a Presidencia poderá concederlle unha quenda de intervencións ás persoas asistentes do público, ás entidades asociativas de veciños e veciñas debidamente constituídas e rexistradas no rexistro municipal, así como a outras entidades asociativas ou representativas de intereses colectivos.

2. Poderase conceder unha quenda de rogos e preguntas do público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Correspóndelle ao/á alcalde/sa ordenar e pechar esta quenda.

3. Estas intervencións do público non se recollerán na acta da sesión, ao producirse unha vez rematada esta.

Artigo 34. Quórum de constitución

1. O Pleno constituirase validamente coa asistencia da Presidencia ou de quen legalmente a substitúa e un terzo do número legal dos seus membros. Requírese a presenza do secretario xeral do Pleno ou de quen legalmente o substitúa.

2. O quórum manterase durante toda a sesión, esta suspenderase se nalgún momento non se conseguise. Se a suspensión se prolongase por máis de 30 minutos, a Presidencia terá que acabar a sesión por falta de quórum de asistencia e adiará o estudo dos asuntos pendentes da orde do día para a primeira sesión que se realice con posterioridade.

3. Se na primeira convocatoria non se conseguise o quórum requirido e transcorridos 30 minutos tampouco se obtivese, entenderase convocada sesión de maneira automática 48 horas despois en segunda convocatoria.

4. Se na segunda convocatoria non se conseguise quórum a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria e pospoñerá a orde do día para a primeira sesión que se realice. A Secretaría Xeral substituirá a acta da sesión por dilixencia que estenderá no documento de convocatoria que transcribirá no libro de actas e fará constar esta circunstancia coa indicación do nome dos membros da corporación que asistisen e de quen escusase a presenza.

Artigo 35. Apertura da sesión

1. Tras comprobar se hai quórum, a Presidencia iniciará a sesión e anunciará a súa audiencia pública.

2. Tras iniciar a sesión a Presidencia someterá á consideración do Pleno a acta ou actas das sesións anteriores, cando así figure na orde do día. Se ningún membro da corporación realiza obxeccións, entenderanse aprobadas por unanimidade. De producirse observacións, debateranse e acordaranse as rectificacións que procedesen que, en ningún caso, implicarán modificacións do fondo dos acordos adoptados. Soamente se farán as correccións de erros de redacción e materiais dos acordos ou das intervencións consignadas. Os/As concelleiros/as que non estivesen na sesión correspondente á acta que se pretenda aprobar, deberán de absterse neste punto.

3. Non terá valor ningún o acordo adoptado antes do inicio ou unha vez finalizada a sesión

Artigo 36. Normas xerais sobre o desenvolvemento da sesión

1. Corresponderalle á Presidencia a dirección da sesión, das distintas intervencións e o control da orde dos debates. Asegurará a boa marcha da sesión e acordará, se é o caso, as interrupcións que estime convenientes; dirixirá os debates, manterá a orde nestes e sinalará os tempos de intervención, nos termos sinalados no presente regulamento.

2. Os asuntos da orde do día debateranse e votaranse pola orde que nel estean consignados sen prexuízo de que a Presidencia, por iniciativa propia ou por petición dos portavoces, o altere. En ningún caso os asuntos da parte de control precederán aos da parte resolutiva.

3. Se ningún concelleiro ou concelleira solicita a palabra sobre o ditame, proposición ou moción e non houbese emendas, a Presidencia someterá a proposta, proposición ou moción a votación.

4. Se se presentasen emendas, tras a súa aceptación polo grupo ou concelleiro/a proponente, estas someteranse a votación en primeiro lugar. Se as emendas fosen á totalidade ou alternativas e prosperasen non haberá lugar á votación da proposta ou proposición que se entenderá rexeitada, se fosen parciais e tamén prosperasen entenderase que a posterior votación da proposta ou proposición inclúe a emenda aprobada. No obstante, a Presidencia poderá someter a votación en primeiro lugar, a proposta orixinal nos seus propios termos coa implicación da súa aprobación ou rexeitamento de calquera emenda presentada.

Artigo 37. Deliberacións

1. Nas deliberacións poderá intervir cada grupo municipal mediante o/a voceiro/a ou mediante outros membros; comezará a rolda de intervencións o grupo minoritario e despois os maioritarios, de menor a maior segundo o número de concelleiros/as, e finalizando polo proponente cunha quenda de dous minutos. Non suposto de que dous ou máis grupos tivesen ou mesmo número de concelleiros/as, intervirá primeiro o/a voceiro/a ou concelleiro/a do grupo que obtivese nas eleccións un menor número de votos, e así sucesivamente.

2. A intervención normal de cada grupo non excederá de cinco minutos na primeira intervención, o proponente terá seis minutos na primeira quenda. Non obstante, naqueles temas que pola súa importancia ou complexidade así ou requiran, e por pedimento de calquera voceiro/a, o/a alcalde/sa notificaralle ao Pleno a duración das intervencións antes de comezaren estas.

3. No suposto dunha segunda rolda, terá unha duración máxima de tres minutos por cada grupo. Logo de finalizado o debate, o alcalde poderá pechar cunha quenda de 5 minutos

4. A duración máxima da rolda por alusións será de dous minutos.

5. O tempo que lle corresponda ao grupo mixto poderase repartir por igual entre os representantes das listas que o integren.

6. O/A alcalde/sa poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa esta para permitir as deliberacións dos grupos sobre o asunto correspondente.

7. Se algún membro corporativo desexase a inclusión da súa intervención literal, deberá facilitala por escrito, lerase ante o Pleno e aprobarase a súa inclusión por maioría.

8. Nas sesións extraordinarias nas que se debata e voten mocións de censura ou cuestións de confianza, de conformidade co previsto pola Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, os tempos de intervención sinalados poderán incrementarse ata o dobre.

Poderán incrementarse as intervencións ata o dobre nos supostos das sesións onde debatan:

- Os presupostos anuais.
- O regulamento orgánico.
- As ordenanzas fiscais.
- A aprobación que poña fin á tramitación dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.
- Os que se acorde na Xunta de Portavoces.

Artigo 38. Alteracións da orde do día. Retirada de asuntos

1. Todos os asuntos serán tratados pola orde na que estean na axenda da sesión, mais a Alcaldía poderá modificar a citada orde e retirar algún asunto, cando a súa aprobación esixa unha maioría especial e esta non se poida obter no momento previsto inicialmente na orde do día.

2. Calquera concelleiro/a poderá, durante o debate, pedir a retirada dalgún asunto incluído na orde do día para que se incorporen ao expediente documentos, informes ou se completen trámites, ou poderá solicitar o seu aprazamento para outra sesión. A demanda será obxecto de votación ao acabar o debate e antes de decidir sobre o fondo do asunto e, se a maioría simple votase a favor da demanda, non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

3. Cando para tratar os asuntos non incluídos na orde do día se requira informe preceptivo de Secretaría ou de Intervención e os/as funcionarios/as non o poidan dar no acto, deberán solicitarlle o seu aprazamento á Alcaldía ata a sesión seguinte. Se esta demanda non é atendida, farase constar na acta.

Artigo 39.- Chamada á cuestión e á orde

1. Durante o debate non se admitirán máis intervencións que as da Presidencia para chamar á cuestión debatida cando se desvíe o debate do asunto principal, cando se volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas ou ben para chamar á orde e/ou advertir que se esgotou o tempo ou que se carece do uso da palabra.

2. A Presidencia chamará á orde ao/á concelleiro/a que:

a) Use palabras ou conceptos ofensivos para a dignidade ou honra da corporación, dos seus membros, de traballadores/as, das institucións públicas ou de calquera persoa pública ou privada.

b) Interrompa ou de calquera outra maneira perturbe a orde da sesión.

c) Pretenda intervir sen que lle fose concedida a palabra ou despois de que lle fose retirada.

3. Despois de tres chamadas á orde na mesma sesión, coa advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, a Presidencia poderá ordenar a calquera concelleiro/a que abandone o salón de sesións e poderá adoptar as medidas necesarias para que a expulsión se faga efectiva.

4. En calquera momento da sesión, todo concelleiro ou concelleira poderalle expor á Presidencia unha cuestión de orde, entendida esta como a vulneración das normas que contén o presente regulamento orgánico.

5. Se por calquera causa, durante a realización da sesión se producise unha alteración da orde pública que, a xuízo da Presidencia, impidise o normal desenvolvemento da sesión, poderá ordenar a súa suspensión polo prazo máximo de media hora. Se transcorrido este prazo, non se pode continuar normalmente, a Presidencia, optará por renova-la a porta pechada ou por rematala definitivamente. Neste caso os asuntos que queden pendentes terán que ser tratados noutra sesión que terá lugar dentro dos dez días hábiles seguintes co mesmo carácter que tivese a que se suspendeu.

Artigo 40. Votación

1. Antes de principiar a votación, a Presidencia expoñerá de forma clara e concisa os seus termos. Unha vez iniciada, non se poderá interromper por ningún motivo e ninguén poderá facer uso da palabra nin entrar ou saír do salón de sesións. Despois de concluída, a Presidencia declarará o resultado.

2. A votación dos asuntos de tramitación ordinaria será á totalidade do texto das propostas, emendas, ou proposicións e non se admitirán votacións parciais. A aprobación dunha emenda á totalidade ou alternativa impedirá a votación da proposta ou proposición. A aprobación dunha emenda parcial alterará a proposta ou proposición e a Presidencia concretará os termos exactos da proposta orixinaria.

3 O sistema normal será a votación ordinaria, a man alzada. A nominal utilizarase con carácter preceptivo cando se someta á consideración do Pleno unha cuestión de confianza, unha



moción de censura, cando as leis así o impoñan ou cando o acorde o Pleno por maioría simple en votación ordinaria por proposta da Presidencia ou do/da portavoz dun grupo político. Neste caso, a Secretaría da corporación nomeará aos/ás concelleiros/as e estes responderán “si”, “non” ou “abstención”. O chamamento realizarase por orde alfabética do primeiro apelido e a Presidencia votará ao final.

4. A votación secreta utilizarase para a elección ou destitución de persoas, cando o asunto afecte os dereitos do artigo 18 da Constitución e cando o estableza a lei. Nos dous primeiros casos serán acordados polo Pleno por maioría absoluta en votación ordinaria por proposta da Presidencia ou do portavoz ou a portavoz dun grupo. A votación secreta realizarase por medio da introdución de papeleta nunha urna, logo do chamamento do secretario/a na orde sinalada no apartado anterior.

5. O voto emitirase en sentido positivo ou negativo sen prexuízo da abstención. Entenderase que os membros da corporación que se ausenten do salón de plenos, unha vez acabada a deliberación dun asunto, se absteñen de votar se non están presentes no momento da votación.

6. Os asuntos consideraranse aprobados por asentimento e unanimidade se unha vez presentados non xeran debate nin oposición.

7. Unha vez iniciada a votación non se poderá interromper por ningún motivo nin a Presidencia outorgará o uso da palabra. Os membros da corporación non poderán entrar nin abandonar o salón de plenos durante a votación. En primeiro lugar computaranse os votos negativos, despois as abstencións e finalmente os positivos.

8. Nas votacións con resultado de empate efectuarase unha segunda votación, se persistise, decidirá o voto de calidade do/da alcalde/sa.

9. Logo de concluída a votación, a Presidencia proclamará o acordo coa indicación dos votos afirmativos, as abstencións e os negativos.

10. Unha vez proclamado o acordo, os grupos que non interviñesen no debate ou que despois deste modificarán o sentido do seu voto, poderán solicitar da Presidencia unha quenda de explicación de voto que non excederá dun minuto. Igual dereito terán os/as concelleiros/as a título individual cando votasen en sentido diferente aos membros do seu grupo.

Artigo 41. Quórum de votación

1. O Pleno adopta os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. A maioría simple é cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

2. Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal dos membros da corporación

3. O voto dos/as concelleiros/as é persoal é indelegable.

4. O alcalde ou alcaldesa e os concelleiros e concelleiras non poderán tomar parte na deliberación e votación de acordos cando conorra algunha das causas de abstención recollidas na lexislación sobre réxime xurídico aplicable; salvo cando se debata a súa actuación como membro corporativo. Para estes efectos, entenderase por “interese persoal” como causa de abstención cando a actuación administrativa que se somete a votación fose susceptible de producir consecuencias na esfera xurídica do membro corporativo, ou lle puidese reportar calquera clase de beneficio ou vantaxe persoal.

Nestes casos a persoa interesada deberá abandonar o salón mentres se discute e vota o asunto, incorporándose á sesión para o seguinte punto da orde do día.

Artigo 42. Rogos e preguntas.

1. Na orde do día das sesións ordinarias incluírase sempre un apartado final de rogos e preguntas. A nomenclatura e as condicións dos rogos e preguntas son as recollidas non art. 27

Artigo 43. Redacción da acta

1. Durante cada sesión, o/a secretario/a xeral, asistido/a polo/a funcionario/a que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a acta na que se consignarán necesariamente os seguintes datos:

- a) Lugar da reunión, con expresión do local en que se realiza.
- b) Día, mes e ano.
- c) Hora en que comeza.
- d) Nome e apelidos do/a presidente/a, concelleiros/as presentes, ausentes que se escusasen e dos/as que falten sen excusa.
- e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se realiza en primeira ou en segunda convocatoria.
- f) Asistencia do/a secretario/a ou de quen desempeñe as súas funcións, e presenza do/a funcionario/a responsable da Intervención.
- g) Asuntos tratados, opinións sintetizadas dos grupos ou membros da corporación que interviñesen nos debates, e incidencias destes.
- h) Votacións que se verifiquen e relación ou lista das nominais, nas que se especificará o sentido en que cada concelleiro/a emite o seu voto.
- i) Parte dispositiva dos acordos que se adopten.
- l) Cantos incidentes se produzan durante o acto e fosen dignos de sinalarse a xuízo da Secretaría.
- m) Hora na que a Presidencia acaba a sesión.

2. Teranse en conta as obrigas de emprego de medios electrónicos establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas e a condición de que os medios técnicos o permitan e por acordo do Pleno poderán optarse a que as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregaron como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.

A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese como un documento electrónico e multimedia que conteña como mínimo:

- a) A consignación expresa dos seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vocais e demais) e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se é o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.
- b) A gravación da sesión, contendo un arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.
- c) Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que desempeña a Secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerza a Presidencia.

Artigo 44. Normalización lingüística.

As convocatorias das sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordos, ditames, informes, actas e, en xeral, toda a documentación do concello que conste nos expedientes, redactaranse, preferentemente, no idioma galego.

Calquera informe, traballo, memoria ou ditame requirido mediante contrato ou en atribucións das súas competencias polo concello a profesionais, entidades ou empresas alleas a aquel será redactado e entregado en lingua galega.

Capítulo II . A Xunta de Goberno

Artigo 45. Réxime de sesións da Xunta de Goberno.

1. A Xunta de Goberno reunirse en sesión ordinaria coa periodicidade acordada, no día e hora que sinala a Presidencia. A xunta reunirse en sesión extraordinaria cando a convoque a Alcaldía.

2. A Alcaldía - Presidencia dirixirá e ordenará os debates que se produzan no seo da comisión.

3. As sesións da Xunta de Goberno non serán públicas, salvo asuntos delegados dende o Pleno, sen prexuízo da publicidade e da comunicación das actas, e a notificación dos acordos dos/as interesados/as.

4. As actas das sesións da Xunta de Goberno remitiráselles a todos os membros da corporación no prazo de 10 días desde que tivesen lugar as citadas sesións, sen prexuízo do dereito á información destes no relativo á obtención de copias de documentos concretos.

Para os efectos de protección de datos de carácter persoal, os acordos nos que se poidan ver afectados estes, referiranse a un número de expediente que cada departamento asignará, cunha clave para permitir a identificación deste dentro da materia a que se refira, e cun número correlativo, ademais do ano no que se tramite.

Capítulo III. As comisións informativas

Artigo 46. Comisións informativas.

1. Son comisións informativas as que se constitúen con carácter xeral, distribuindo entre elas, para o seu ditame, os asuntos que deben someterse ao Pleno. O seu número e denominación, así como calquera variación destas durante o mandato, decidírase mediante o acordo do Pleno por proposta da Alcaldía. As comisións informativas terán as seguintes funcións:

a) Estudo, informe, consulta ou ditame dos asuntos que han de ser sometidos ao acordo ou decisión do Pleno ou da Xunta De Goberno.

b) O seguimento da xestión da Alcaldía e do seu equipo de goberno respecto dos asuntos propios da súa competencia.

2. Derivado da súa natureza non gobernativa, as comisións informativas poderanse realizar por medios telemáticos de acordo coa normativa vixente, constituírse, realizar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto destas, segundo proceda legalmente en cada caso.

Artigo 47. Réxime de sesións

1. Serán de aplicación supletoria as comisións as previsións contidas para o Pleno na lexislación de réxime local e no presente regulamento, en relación coas clases de sesións, a convocatoria, ou quórum de asistencia e o funcionamento. As sesións non serán públicas, a excepción daqueles asuntos que se atopen delegados polo Pleno. A pesar da designación como membro dun corporativo, enténdense suplentes os restantes membros do grupo municipal, pola orde da súa designación.

2. Poderán asistir ás súas reunións os membros e o persoal do concello que a Presidencia estime conveniente, ben por propia iniciativa, ben por proposta, non vinculante, dos vogais. Será necesaria a presenza do/a interventor/a n/a comisión que teña atribuída a competencia en materia de economía e facenda. A

presenza de funcionarios/as realizarase para os efectos de que informen sobre asuntos relacionados coas súas áreas respectivas.

3. Serán admitidos nas sesións concelleiros/as distintos dos titulares ou suplentes designados o poderá substituírse por calquera concelleiro/a.

Os membros do equipo de goberno poderán asistir a todas as sesións das comisións, podendo só votar naquelas das que formen parte.

4. Das sesións das comisións redactarase acta que conterá unha relación moi sucinta dos asuntos debatidos, persoas intervenientes, incidencias producidas e acordos ou ditames adoptados.

Artigo 48. Comisión de contas

1. De existencia preceptiva, a súa constitución, composición e funcionamento axustarase ao establecido para as demais comisións.

2. Correspóndelle o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias ou extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno.

3. A comisión especial de contas, coñecerá a conta xeral.

Capítulo IV. Normas sobre voto a distancia nos órganos Colexiados da corporación

Artigo 49

Os/As concelleiros/as poderán emitir o seu voto de forma non presencial nos supostos e cos requisitos establecidos no presente artigo. O voto non presencial só procederá nos supostos en que o concelleiro/a solicitante non poida asistir á sesión do órgano correspondente por atoparse nos supostos de embarazo, permiso de maternidade ou paternidade ou incapacidade temporal establecida na lexislación vixente para os empregados públicos.

Para o exercicio do dereito á emisión do voto non presencial o/a concelleiro/a interesado/a deberá solicitalo por escrito á Presidencia, xustificando as razóns que lle impiden realizar as súas funcións persoalmente. A Presidencia autorizará o exercicio do voto non presencial.

O exercicio do voto non presencial poderá realizarse a través de calquera das seguintes modalidades:

a) Mediante voto por escrito. Nesta modalidade o/a concelleiro/a remitirá, por calquera medio, un escrito manifestando o sentido do seu voto con respecto ao punto ou puntos da orde do día da sesión da que se trate, respecto dos que exerza o seu dereito ao voto non presencial. O voto deberá estar asinado persoalmente, e a súa sinatura deberá vir lexitimada pola Notaría ou polo titular da Secretaría. A validez do dito voto queda condicionada á súa recepción no Rexistro Xeral de antes do vencemento do prazo do voto a distancia recollido no apartado seguinte.

b) Mediante voto telemático. O voto telemático exercerase mediante unha aplicación disposta para o efecto na sede electrónica. O voto a distancia poderá emitirse desde a convocatoria da sesión do órgano Colexiado de que se trate e ata o momento da votación. Para estes efectos, o presidente do órgano Colexiado declarará o resultado da votación incluíndo os votos a distancia recibidos ata ese momento. O sentido dos votos emitidos non se fará público ata o momento da proclamación do resultado da votación.

Capítulo V. Xunta de Portavoces

Artigo 50.

1. A Xunta de Voceiros/as está integrada polo alcalde, que a presidirá, o/a concelleiro/a no que delegue, e polos/as voceiros/s ou suplentes dos grupos municipais constituídos.

2. É un órgano de consulta e negociación política que ten por obxecto, entre outros:

a) Asistir e asesorar ao alcalde, cando o estime pertinente



b) Asistir e asesorar ao alcalde en asuntos concretos de interese xeral, cando o considere necesario como no caso de declaracións institucionais, relacións con outras administracións, decisións políticas, actuacións conxuntas, coordinación de funcións e impulso de actividades, a deliberación, debate e negociación para a resolución de calquera problema, incidencia ou suxestión relativa ao funcionamento dos grupos políticos, do Pleno e das comisións informativas. Contará para os asistentes coas mesmas retribucións fixadas nas bases de execución

Artigo 51. A Xunta de Portavoces, baixo a Presidencia do/a alcalde/sa, ou concelleiro/a no que delegue, está integrada polos/as portavoces dos grupos políticos municipais.

1. Quedará constituída por resolución do/a presidente/a, tan pronto como se formule a designación dos/as seus/súas integrantes polos grupos políticos municipais.

2. A convocatoria faraa o alcalde, por iniciativa propia, ou sempre que o soliciten dous grupos municipais ou a quinta parte dos concelleiros e concelleiras para tratar asuntos atribuídos pola lei ou por este regulamento á Xunta de Portavoces. En todo caso, a Xunta de Portavoces reunirse con carácter previo á realización de calquera sesión da comisión informativa. No suposto de sesións convocadas por solicitude de dous grupos municipais ou a quinta parte dos/as concelleiros/as, a realización da Xunta de Portavoces non poderá demorarse por máis de dous días hábiles desde que fose solicitada, sen que ningún concelleiro ou concelleira poida solicitar máis de tres anualmente

3. As modificacións da súa composición axustaranse ao mesmo trámite.

4. O/A primeiro/a portavoz de cada grupo político poderá ser substituído polo segundo e así sucesivamente.

5. Dado o carácter eminentemente deliberante e político da Xunta de Portavoces, para a válida realización das súas reunións, non serán precisa a asistencia do/a funcionario/a que desempeña a Secretaría, así como tampouco para confección dunha acta dos asuntos tratados. Con todo, cando se considere conveniente a súa asistencia ou o seu asesoramento, convocarase ao/á secretario/a ou ao/á interventor/a. Igualmente, poderase requirir a presenza doutros/as empregados/as públicos con funcións de asesoramento aos seus membros.

En caso de ser necesario e para os efectos de dar fe do actuado poderá actuar como secretario/a un/unha funcionario/a do concello.

6. Os seus acordos adóptanse por maioría ponderada.

Título III. Estatuto dos membros corporativos.

Artigo 52. Normas xerais

1. O Estatuto dos/das concelleiros/as é o conxunto de dereitos e deberes que a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a lexislación estatal e autonómica de réxime local e este regulamento orgánico lles recoñece.

2. Os/As concelleiros/as están obrigados ao cumprimento dos deberes e obrigacións inherentes ao cargo.

3. A determinación do número de membros da corporación, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral.

Artigo 53. Esixencia de responsabilidade

1. Os/As concelleiros/as están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do cargo. Esixírase ante os tribunais competentes polo procedemento ordinario aplicable.

2. Son responsables dos acordos do Pleno os/as concelleiros/as que votasen favorablemente.

3. O Pleno esixirá responsabilidade dos seus membros cando, por dolo ou culpa, causasen danos ou prexuízos ao concello ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por este.

Artigo 54. Dereitos honoríficos

O/a alcalde/sa, tenentes de alcalde e concelleiros/as unha vez que tomen posesión do seu cargo, gozarán dos honores, prerrogativas e distincións propias que se establecen nas leis do Estado e da Comunidade Autónoma.

Artigo 55. Dereitos económicos

1. Os membros da corporación terán dereito a percibir as retribucións, indemnizacións e asistencias que sexan precisas para o exercicio digno e eficaz das súas funcións, de acordo coas normas establecidas no presente regulamento e coas consignacións que anualmente aprobe o Pleno do concello a través do orzamento municipal. Todos os membros corporativos teñen dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

2. Para a fixación das retribucións dos concelleiros e concelleiras terase en conta o réxime da súa dedicación e a responsabilidade que desempeñen na xestión municipal. Para estes efectos, a situación dos/as concelleiros e concelleiras clasifícase nas tres categorías seguintes:

a) Dedicación exclusiva. É aquela pola que se exercen con tal carácter as funcións propias do cargo, sen desenvolver outra actividade retribuída pública ou privada, nos termos establecidos na lexislación sobre incompatibilidades aplicable.

b) Dedicación parcial. É aquela na que o concelleiro ou concelleira realiza outras ocupacións, sen que estas poidan ocasionar detrimento á súa dedicación á corporación, e sempre que sexan compatibles co exercicio da súa función representativa.

Nestes casos de dedicación exclusiva ou parcial os membros corporativos serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social e o concello asumirá o pago das cotas empresariais correspondentes, salvo se son funcionarios/as, en cuxo caso asumirá o pago das cotizacións das mutualidades obrigatorias, incluídas as cotas de clases pasivas.

c) Simplemente asistencia aos órganos colexiados da corporación dos que forme parte.

3. Os membros da corporación que se atopen en situación de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán retribucións polo exercicio das súas funcións. O Pleno da corporación determinará, por proposta da Alcaldía e de acordo co establecido no orzamento municipal, o número de cargos da corporación que poderán exercer as súas responsabilidades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial e as retribucións individuais que lles correspondan en atención á responsabilidade de cada un deles sempre dentro dos límites que se fixen nas normas de aplicación xeral nas administracións públicas. Será atribución da Alcaldía, dentro da súa competencia de dirección do goberno do concello, a determinación dos concelleiros e concelleiras con dereito a percibir retribución e ser dados de alta na Seguridade Social con cargo á corporación.

